

## **A Cámara investirá 1,7 millóns de euros no viveiro de empresas de Río do Pozo**

**Ferrol. 22/03/2010.** O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Francisco Cruz, e o alcalde de Narón, Xosé Manuel Branco, rubricaron esta mañá un convenio de colaboración para a construción dun viveiro de empresas no polígono industrial de Río do Pozo.

En virtude deste convenio o Concello realiza unha concesión de dominio, por un período de 30 anos, sobre unha parcela de máis de cinco mil metros na terceira fase do citado polígono na que se vai a levantar esta nova infraestrutura empresarial.

O proxecto supoñerá un investimento de 1.741.000 euros que se destinarán a construír un edificio de usos múltiples, cunha superficie de máis de 830 metros, repartidos en dúas plantas, e unha serie de naves industriais de pequena dimensión con 1.535 metros en total.

Desta forma, Cámara e Concello apostan, nuns momentos en que a crise engade novos obstáculos e dificultades para os emprendedores, por apoiar a xeración de novas iniciativas empresariais.

Para este ano 2010 está prevista a execución da primeira fase deste proxecto á que se destinará un millón de euros. O 70 % desta cantidade financiarase cunha axuda da Fundación Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa, Incyde.

O director xeral deste organismo, Ángel Colomina, tamén estivo onte en Ferrol para asinar un segundo convenio coa Cámara polo que se asigna esta axuda proveniente de fondos FEDER e se estipula que a entidade ferrolá execute a obra, encargándose do procedemento de contratación e adxudicación, e posteriormente administre e xestione o viveiro.

O obxectivo que perseguen ambos convenios é fomentar o desenvolvemento e a diversificación do tecido empresarial, apoiando as vocacións dos emprendedores, axudando na formación de novas empresas e na consolidación das que xa existen.

